

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2023 pola que se modifica a Resolución do 5 de xuño de 2023 pola que se aproba a convocatoria para o ano 2023 do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos para a implantación de instalación de enerxías renovables térmicas en edificios non residenciais, establecementos e infraestruturas do sector público, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento IN422O).*

O 16 de xuño de 2023, a Axencia Instituto Enerxético de Galicia publicou a Resolución do 5 de xuño de 2023 pola que se aproba a convocatoria para o ano 2023 do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos para a implantación de instalacións de enerxías renovables térmicas en edificios non residenciais, establecementos e infraestruturas do sector público (código de procedemento IN422O) (DOG núm. 114, do 16 de xuño), aprobado polo Real decreto 1124/2021, do 21 de decembro, modificado polo Real decreto 377/2022, do 17 de maio, polo que se amplía a tipoloxía de beneficiarios do Real decreto 477/2021 e do Real decreto 1124/2021, do 21 de decembro (BOE núm. 118, do 18 de maio de 2022).

O 28 de decembro de 2023 publícase no BOE o Real decreto polo que se modifica o Real decreto 1124/2021, do 21 de decembro, e amplíase a data do prazo de solicitudes e a vixencia do programa de incentivos ata o 31 de xullo de 2024.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 28 do Estatuto de autonomía, coas facultades conferidas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co sinalado no Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar a Resolución 5 de xuño de 2023 pola que se aproba a convocatoria para o ano 2023 do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos para a implantación de instalación de enerxías renovables térmicas en



edificios non residenciais, establecementos e infraestruturas do sector público (código de procedemento IN422O), nos seguintes termos:

Única. O número 2 do artigo 5 queda redactado como segue:

«2. O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 9.00 horas, transcorridos 20 días hábiles desde a publicación da convocatoria de axudas no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 31 de xullo de 2024».

Segundo. Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2023

Pablo Fernández Vila  
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

